



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org    correo@cerdido.es



## ACTA Nº 2022/2

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN -LUNS 28 DE FEBREIRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20,11 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** Benigno Galego Castro

**ASISTEN:** Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, Patricia Santalla Pérez, David Prada Aneiros, Alberto Javier Rey Paz e María-Amalia Díaz Rodríguez.

**SECRETARIO - INTERVENTOR:** Manuel Larrosa Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### **ORDE DO DÍA**

Previamente a entrar na orde do día, pola alcaldía presentanse as seguintes **DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS** segundo proposta da FEGAMP para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación e posterior aprobación por unanimidade dos Srs. Presentes :

#### **A) APOIO DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS AO POBO UCRAÍNO.**

A Federación Galega de Municipios e Provincias manifesta firme censura respecto á agresión que Rusia está a levar a cabo en Ucraína. Como defensores dos dereitos e liberdades das persoas non podemos tolerar ningunha acción que socave ditos cimentos humanos.

As guerras son unha traxedia e un retroceso da civilización. Non hai nada que xustifique as vítimas mortais e o cruel sufrimento dos superviventes, que marcará o resto das súas vidas. Os devastadores efectos desestruturan a sociedade moito máis aló do conflito bélico. Danos irreparables que se agravan cada minuto que pasa.

Por tanto, unimos a nosa voz ás que apremen ao dirixente ruso para que cese os ataques e a invasión do territorio ucraíno inmediatamente, que desista de calquera acción pola forza e retome a negociación como única vía para procurar os seus intereses.

Así mesmo, apoiamos o labor da comunidade internacional por restablecer a paz e salvagardar a independencia de cada país e poñémonos á súa disposición para axudar, dentro das nosas posibilidades, naquelas medidas que procuren a protección e benestar das persoas que foxen do conflito para salvar a vida.

Os ucraínos e ucraínas poden contar coas entidades locais galegas, que estamos pendentes -con gran preocupación e pesar- do que están a vivir.

## **B) CONCELLOS GALEGOS, REXENERACIÓN EN IGUALDADE.**

A superación da crise sanitaria, económica e social que vén de socavar os alicerces do mundo, ten que pór o foco na figura da muller e pasar necesariamente polo seu reforzamento. O progreso é incompatible coa inxustiza e a mediocridade que presiden a discriminación por razóns de xénero. A valía e dignidade da muller son incuestionables e non poden continuar -baixo ningún pretexto- ameazadas, minguadas nin tan sequera infravaloradas. Ademais de absolutamente irracional e inxusto, este comportamento lastra o desenvolvemento da humanidade en todos os eidos.

O proceso de rexeneración que estamos a emprender debe ser o fin desta histórica conta pendente para calquera sociedade que se considere civilizada. É o momento de forxar xeracións de igualdade real e intrínseca, cuxas xentes non poidan sequera imaxinar outro modelo e repudien instintivamente calquera forma de discriminación ou ataque ás persoas, incluída a que se exerce sobre as mulleres. Para iso todos os cambios, decisións e accións que se están a dar nestes tempos deben facerse dende a perspectiva de xénero: mesma consideración, mesmo trato, mesmas oportunidades, mesmas obrigas...

Os concellos somos a Administración da cidadanía, a que lle xera maior confianza. Temos un papel relevante na construción social en igualdade ao sermos quen ten máis capacidade para chegar aos corazóns e ás consciencias, cimentos estes máis determinantes no comportamento.

Neste contexto, as entidades locais galegas proclamamos a igualdade de todas as persoas independentemente do seu sexo, reiteramos o noso compromiso coa defensa dos dereitos das mulleres e co obxectivo de que ocupen o lugar que lles corresponde (o mesmo que os homes). Por iso, reunidas baixo esta declaración da FEGAMP:

- Instamos a todos os organismos e entidades públicas e privadas, axentes sociais, sectores produtivos e á sociedade en xeral a subscribir esta declaración e aplicar os principios de igualdade de dereitos e responsabilidades entre mulleres e homes.
- Salientamos o inestimable e imprescindible valor da muller no desenvolvemento das persoas, da xeración de riqueza e do progreso da humanidade, e instamos á súa visibilidade
- Denunciamos a inxustiza da desigualdade que persiste ata o de agora na sociedade que pon ás mulleres en situación de vulnerabilidade en múltiples eidos da vida, especialmente no laboral, no que sufriron un gran retroceso por mor da pandemia. Comprometémonos a empregarnos activamente e a fondo para a súa corrección



- Manifestamos o noso compromiso por aplicar todas as medidas posibles no seo das nosas organizacións e nos nosos ámbitos de influencia
- Reclamamos a dotación apropiada para tal fin segundo as competencias contempladas na Lei Reguladora de Bases do Réxime local
- Sinalamos a obrigatoriedade de coordinar e sumar as máximas sinerxías posibles na busca da igualdade, aumentar esforzos e medios e dar prioridade a este obxectivo. Comprometémonos a aportar e impulsar este proceder dentro das nosas posibilidades

### **Punto Primeiro.- Aprobación se procede das actas dos plenos dos días 30.12.2021 e 09.02.2022.**

A) Sometida a votación a acta correspondente á sesión do día 30.12.2021, a mesma é aprobada por oito votos a favor coa abstención do Sr. Prada Aneiros por non haber asistido a dita sesión coa seguinte engadida :

Na intervención do Sr. Rey Paz no turno de rogos e preguntas a seguinte intervención :

Onde di : Aberto o turno de rogos e preguntas, comeza o Sr. Alberto Javier Rey Paz “expoñendo que fai dous meses que se aprobou a declaración institucional e aínda foi publicada fai pouco”, debe dicir : “Xa avanzamos antes, que fai dous meses que aprobamos a declaración institucional e a primeira noticia que temos, eu polo menos non vin nada ata esta semana pasada que saíu no boletín informativo que publicou o Concello e creemos que debería estar publicada xa fai tempo na páxina do Concello e publicada nos medios de comunicación; eu non vin nada.”

B) Sometida a votación a acta correspondente á sesión do día 09.02.2022, a mesma é aprobada por unanimidade dos Srs. Asistentes coas seguinte engadida :

Na intervención da Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez engadese no punto 2<sup>o</sup> “**Solicitud para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 (POS+AD1-GASTOS SOCIAIS)**” debe figurar a seguinte intervención da mesma : “Estas novas incorporacións de servizo de perruquería, podoloxía, ¿quen o vai a levar a cabo?. ¿Persoal que está xa empregado en servizos sociais ou vaise traer profesionais da fora?. ¿Como van a poder optar os profesionais de afora neste proxecto? Ao que resposta o Sr. Alcalde que se opta por eso será mediante un contrato, ao que a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez sinala : ¿Como se vai a dar a coñecer? Ao que resposta o Sr. Alcalde que pediranse segundo o importe para facer un contrato menor, pediranse tres ofertas e faranse tres invitacións a tres empresas.

A Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta ¿como vaise facer público para que a xente se entere? ¿As persoas que queiran optar a facer este traballo?

Resposta o Sr. Alcalde que polo importe realizaranse tres invitacións a tres empresas como un contrato menor a tres empresas do sector ou tres autónomos. Polo importe : 26.000,00 euros pero á vista do límite de 15.000,00 euros sen IVA sería licitación, pero non vai ser o caso.

### **Punto Segundo.-Retrotraer o expediente da licitación da mellora e renovación do alumeadado público exterior do Concello de Cerdido ó momento anterior á súa aprobación.**

Visto o informe da secretaría de 18-02-2022 do seguinte teor literal :

“Asunto : Modificacións a introducir nos pregos de cláusulas administrativas particulares da licitación “Mellora e renovación do alumeadado público exterior do Concello de Cerdido, expediente 2021/C005/000001” mediante a modificación do mesmo.

#### ANTECEDENTES

Con data 16 de febreiro de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia dita a resolución recaída no expediente 2021/C005/000001 referente á licitación da mellora e renovación do alumeadado público exterior do Concello de Cerdido, pola que resolve o recurso especial en materia de contratación interposto por SETGA SLU e se estima parcialmente o mesmo.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) acorda a retroacción do procedemento ao momento anterior á aprobación do Prego de Condicións Administrativas Particulares para a súa revisión e axuste daquelas prescricións contempladas na Lei 9/2017 na forma indicada polo TACGal, pero non acorda a nulidade do expediente senón dunhas concretas cláusulas e a retroacción do mesmo ó momento anterior á súa aprobación; podéndose dar cumprimento a esta Resolución por unha dobre vía :

- O desestimento.
- Simple retroacción do expediente ó momento anterior da súa aprobación polo órgano de contratación, neste caso o Pleno do Concello, substituíndo as cláusulas anuladas por aquelas que se adecúen ás esixencias derivadas da adecuación á Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Conforme ó artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro -LCSP-, o desestimento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Sendo procedente modificar os pregos, haberá que retrotraer as actuacións ó momento previo á aprobación dos pregos, conforme esixe o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público : *Artículo 122 Pliegos de cláusulas administrativas particulares*

*1. Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético. En otro caso, la modificación del pliego conllevará la retroacción de actuaciones.*

A retroacción de actuacións deberá ser acordada polo órgano de contratación, o Pleno neste caso. No mesmo acto, o Pleno do Concello acordará a modificación e a nova apertura da licitación.

As ofertas presentadas entenderanse por non postas, podendo presentarse novamente cando volva a licitarse.



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org    correo@cerdido.es



Coa modificación dos pregos, subsiste o resto do expediente de contratación e dos propios pregos.

Na súa virtude procede :

PRIMEIRO.- Retrotraer o expediente de licitación ó momento anterior á súa aprobación.

SEGUNDO.- Conservar tódolos actos e trámites anteriores, procedéndose á revisión das cláusulas nos termos indicados polo TACgal para o axuste daquelas ás prescricións contempladas na Lei 9/2017.

TERCEIRO.- Iniciar aprobación do expediente de licitación con publicación na Plataforma de Contratos do Estado incluído o DOUE do novo anuncio de licitación, con outorgamento dun novo prazo de presentación de ofertas e coa advertencia que este anuncio deixa sen efecto o anterior.

CUARTO.- Dar traslado presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia -TACgal.”

Vista a proposta da alcaldía do seguinte teor literal :

“Vista a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de 16 de febreiro de 2022 recaída no expediente 2021/C005/000001 referente á licitación da mellora e renovación do alumeadado público exterior do Concello de Cerdido, pola que resolve o recurso especial en materia de contratación interposto por SETGA SLU e se estima parcialmente o mesmo.

Considerando que o TACGal acorda a retroacción do procedemento ao momento anterior á aprobación do PCAP para a súa revisión e axuste daquelas prescricións contempladas na Lei 9/2017 na forma indicada polo TACGal, pero non acorda a nulidade do expediente senón dunhas concretas cláusulas e a retroacción do mesmo ó momento anterior á súa aprobación; podéndose dar cumprimento a esta Resolución por unha dobre vía :

- O desestimento.
- Simple retroacción do expediente ó momento anterior da súa aprobación polo órgano de contratación, neste caso o Pleno do Concello, substituindo as cláusulas anuladas por aquelas que se adecúen ás esixencias derivadas da adecuación á Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Considerando que conforme ó artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro -LCSP-, o desestimento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Vistos os preceptos de xeral aplicación, en especial a Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

PROPOÑO a adopción do seguinte acordo :

PRIMEIRO.- Retrotraer o expediente de licitación ó momento anterior á súa aprobación.

SEGUNDO.- Conservar tódolos actos e trámites anteriores, procedéndose á revisión das cláusulas nos termos indicados polo TACgal para o axuste daquelas ás prescricións contempladas na Lei 9/2017.

TERCEIRO.- Iniciar aprobación do expediente de licitación con publicación na Plataforma de Contratos do Estado incluído o DOUE do novo anuncio de licitación, con outorgamento dun novo prazo de presentación de ofertas e coa advertencia que este anuncio deixa sen efecto o anterior.

CUARTO.- Dar traslado presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia -TACgal.”

Sometida a votación a proposta de acordo, o Pleno da Corporación en votación ordinaria por unanimidade acorda aproba prestar conformidade á mesma e por conseguinte aproba-la mesma.

### **Punto terceiro.- Aprobar o expediente de contratación mellora e renovación do alumbrado público exterior de Cerdido.**

Vista a proposta da alcaldía do seguinte teor literal :

Vista la memoria técnica complementaria-plan director de alumbrado público del Ayuntamiento de Cerdido. La actuación de reformado del alumbrado del municipio de Cerdido está cofinanciado con cargo al Programa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020, con una aportación del 80%, y de un valor total de 606.000,67 € (IVA incluido).

Vista la providencia de Alcaldía de 09/11/2021, de inicio del correspondiente procedimiento de contratación.

Vistos los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cerdido, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria (expdte. 2021/C005/000001).

Vista la Memoria justificativa firmada por la Alcaldía y relativa a, entre otros aspectos, las necesidades a satisfacer y la no división en lotes del contrato al considerar lo siguiente:

“Dada la cuantía del objeto y tipo de proyecto que se ejecutará se entiende que el desglose del presupuesto en varios lotes dificultaría la ejecución de estas desde el punto de vista técnico, al solaparse en las necesidades de cada una de las acciones a realizar, y no teniendo alguna de estas acciones, entidad suficiente para separarlo del resto. En este sentido, se considera que el loteo podría dificultar la ejecución normal del mismo. Por todo lo expuesto, es por lo que no se procede a la división en lotes del objeto del presente Contrato.”

Visto el informe de secretaría e intervención de fechas 16/11/2021 e 18/02/2022.

Visto el informe de crédito de la Intervención municipal de fecha 11/11/2021.



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Después de examinar la documentación allegada, de conformidad con lo establecido en el art. 116 y en la disposición adicional segunda de la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público,

En base a lo anterior, se eleva al Pleno la siguiente propuesta de ACUERDO:

**PRIMERO:** Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria, para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cerdido (expdte 2021/C005/000001), por el precio de 485.805,00 € más el IVA del 21% por importe de 102.019,05 €, lo que da una cantidad total de 587.824,05 € y con un valor estimado de 485.805,00 €.

**SEGUNDO:** Aprobar la no división en lotes del presente contrato, por las consideraciones expuestas en la Memoria Justificativa que consta en el expediente y las consideraciones plasmadas en el propio Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**TERCERO:** Aprobar los correspondientes pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato y el proceso de adjudicación.

**CUARTO:** Autorizar con cargo a la partida presupuestaria 165.61900 del presupuesto municipal del ejercicio 2021, el gasto que para este Ayuntamiento representa dicha contratación.

**QUINTO:** Publicar el corresponde anuncio en la Plataforma de Contratos del Sector Público y en el Diario Oficial de la Unión Europea, con otorgamiento de un nuevo plazo de presentación de ofertas e con la advertencia de que este anuncio deja sin efecto el anterior.

Sometida a votación, o Pleno do Concello previa deliberación acorda en votación ordinaria por unanimidade aprobar a mesma nos seus propios termos.

### **Punto cuarto.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía.**

Pola presidencia dáse conta da relación de Decretos adoptados dende a anterior sesión ordinaria que son os seguintes :

Decreto	Fecha	Asunto
245/2021	23-12-2021	Contratación de persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
246/2021	23-12-2021	Aprobación de facturas decembro 2021
247/2021	23-12-2021	Convocatoria Subvenciones Material informático (primaria)
248/2021	23-12-2021	Asignación dotación económica grupos políticos 2021
249/2021	27-12-2021	Convocatoria Pleno ordinario do mes de decembro de 2021

250/2021	28-12-2021	Contrato menor para a adquisición de 4 ordenadores e 4 impresoras dentro do programa de emerxencia social
251/2021	30-12-2021	Aprobación certificación de obra nº 2 y final ampliación abastecemento Vila da Igrexa a Pontellas
252/2021	31-12-2021	Decreto de aprobación de gastos 2021, facturas F/2021/1001, F/2021/1247, e de 2021/1276 a 2021/1292
253/2021	31-12-2021	Aprobación prórroga presuposto
254/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas decembro 2021-3
01/2022	03-01-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 59
02/2022	10-01-2022	Contratación auxiliar de axuda no fogar dende o 12 ao 31 de xaneiro de 2022, substitución por vacacións
03/2022	11-01-2022	Solicitud para usar o pavillón polideportivo os xoves de 16:30 a 17:30 para actividade extraescolar
04/2022	13-01-2022	Aprobación pago IVE e IRPF 4º trimestre 2021
05/2022	13-01-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 33, A Barqueira
06/2022	13-01-2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de decembro do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda
07/2022	13-01-2022	Modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos 2022/T002/000001
08/2022	17-01-2022	Aprobación canon auga 2021, e ordenación pago a Augas de Galicia.
09/2022	21-01-2022	Padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga a domicilio e o padrón de contribuíntes da taxa pola recollida de lixo do ano 2022
10/2022	21-01-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Piñón, 14, A Barqueira
11/2022	24-01-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella, 4, A Barqueira
12/2022	28-01-2022	Aprobación do pago de nóminas, produtividade, desprazamentos e horas extraordinarias do persoal municipal de xaneiro de 2022
13/2022	28-01-2022	Contrato menor para a realización de análises da auga da piscina municipal
14/2022	28-01-2022	Contrato Menor de servizo para o control da calidade da auga potable no Concello de Cerdido
15/2022	28-01-2022	Servizo socorrismo e monitorado piscina municipal
16/2022	28-01-2022	Contrato menor para subministro de produtos químicos para a piscina municipal
17/2022	31-01-2022	Modificación orzamentaria 2/2022 (MC 2/2022) Incorporación de remanentes 1/2022 (IR1/2022)
18/2022	31-01-2022	Contrato Menor para a elaboración dous boletíns informativos do Concello de Cerdido
19/2022	31-01-2022	solicitud de subvención para mantemento dos Servizos Sociais Municipais-Deputación 2022
20/2022	01-02-2022	Aprobación de facturas xaneiro 2022
21/2022	03-02-2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de xaneiro do 2022 do prezo público





		pola prestación do servizo de axuda no fogar
22/2022	03-02-2022	Procedemento Ordinario 0000357/2021
23/2022	03-02-2022	Solicitude de subvención para mantemento do persoal técnico en animación sociocultural
24/2022	04-02-2022	Pleno extraordinario 09.02.2022
25/2022	07-02-2022	Persoamento procedemento PA 367/2021 e PA 368/2021
26/2022	08-02-2022	Axuda emerxencia social adquisición electrodoméstico primeira necesidade
27/2022	09-02-2022	Solicitude POS+ 2022 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos). Anualidade 2022.
28/2022	09-02-2022	Contrato Menor POS-2021 Mellora da pista de Piñeiro a Penadobico
29/2022	09-02-2022	Contrato Menor POS-2021 Camiño Vilela e outros
30/2022	09-02-2022	Contrato Menor POS-2021 Mellora pista Casaldegonce a límite Concello
31/2022	14-02-2022	Contratación de auxiliar SAF
32/2022	15-02-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldegonce , 6, Cerdido
33/2022	15-02-2022	Provisión procedementos PA 367/2021 e PA 368/2021
34/2022	18-02-2022	Aprobación pagos Axencia Tributaria e Deputación da Coruña
35/2022	18-02-2022	Solicitude PEL-Concellos 2022
36/2022	21-02-2022	Servicio para dilección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra mellora capa rodaxe pista Piñeiro a Penadobico
37/2022	21-02-2022	Servicio para dilección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra Camiño Vilela e Outros
38/2022	21-02-2022	Servicio para dilección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra Mellora capa rodaxe pista Casaldegonce a límite concello

En relación ó Decreto 245, o Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta en relación ó persoal de Axuda no Fogar, ¿se utilizouse unha bolsa?, ó que resposta o Sr. Alcalde que efectivamente utilizouse unha bolsa para o persoal de Axuda no Fogar.

Seguidamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta en relación á resolución 250 sobre o contrato menor de catro ordenadores, ¿están asignados? Ó que resposta o Sr. Alcalde que son datos protexidos.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz sobre a resolución 18/2022 : “Boletín informativo”, pregunta ¿a quen foi contratada e a súa contía económica?. Informa o Sr. Alcalde que a contía é sobre 1.200,00 euros e non lembra ben agora a empresa , aínda que cree que foi a Pingota Comunicación.

A continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta pola resolución 25/2022 : Persoamentos 368 e 369. Pregunta a que corresponden. Resposta o Sr. Alcalde que agora no se lembra. Terá que consultala e informarlle.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz e pregunta pola resolución 33/2022 : provisións mesmos procedementos 368 e 369.

O Sr. Alcalde sinala que consultará a mesma e informarlle por escrito.

Finalmente intervén a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez e pregunta se as resolucións números 36/2022, 37/2022 e 38/2022 corresponden a direccións de obras, ó que resposta o Sr. Alcalde que sí.

O pleno do Concello dáse por enterado.

### **Punto 5.- Rogos e preguntas.**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz preguntando si puxeronse en contacto do parque eólico de Balocos, ao que resposta o Sr. Alcalde que o informe da Xunta de Galicia é desfavorable.

Seguidamente a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿tedes información de que os veciños seguen sendo visitados?, ó que informa o Sr. Alcalde que aquí non chamou ninguén e insiste en que o informe da Xunta vai ser desfavorable.

A Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez a continuación pregunta : ¿Cando vades a subir a declaración institucional?. Non a atopamos, ó que resposta o Sr. Alcalde que o comprobaremos e se non está subida, a subiremos.

Toma a palabra o Sr. Candido Eusebio Preto Lago o cal sinala que os medios publican o que queren.

O Sr. Alcalde expón que daráselle publicidade e repite que se non está subida, subirase.

A continuación a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta en relación á piscina, que a mesma está pechada por descanso segundo disechedes. Dixeron que está pechada por avaría. ¿É así?

Resposta o Sr. Alcalde que temos un problema bastante grave coa piscina. Leva un gas prohibido e ningún técnico da garantías da reparación. Falamos de 50.000,00 ou 60.000,00 euros e a día de hoxe non hai cartos.

Meteuse no Fondo de Cooperación Ambiental e hai problemas con Patrimonio. Calquera solución é moi custosa.

Seguidamente intervén o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago reafirmando que ningún fabricante da garantías sobre a reparación.

O Sr. Alcalde matiza que trátase dunha máquina do ano 2000.

O Sr. Cándido Eusebio Preto Lago sinala que podería haber unha solución provisional gastando sobre uns 5.000,00 euros.



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org correo@cerdido.es



O Sr. Alcalde recalca novamente que os fabricantes non garanten nada en relación á reparación.

Seguidamente a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez expón que algúns veciños preguntan por un posible castro detrás do antigo Concello, e pregunta ¿está catalogado?, ó que resposta o Sr. Alcalde que sí está catalogado.

A Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta ¿se non habería forma de facer algo?, ó que resposta o Sr. Alcalde que a Lei de patrimonio é recente e sinala que aparecera unha moeda que ían a cedela.

O Sr. Cándido Eusebio Preto Lago expón que o museo Ortegal desapareceu.

A Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez sinala que temos esquecido o noso patrimonio.

A continuación toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago e sinala que explicoulle a un propietario e este cabreouse. Na barqueira vella si hai algún resto. Explica que fanse desbroces, etc., e desaparecen con ditos traballos.

Finalmente intervén o Sr. alcalde o cal sinala que pasou no castro de Cerdido. Está todo con autorizacións pero eran daquela moi permisivos e estamos esperando no castro por un pino entornado e estamos esperando autorización para cortalo.

Sendo as 20,44 horas e non habendo máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

O Secretario Manuel Larrosa Rodríguez

O Alcalde Benigno Galego Castro